



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 201/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto do Expediente: Selección de persoal para unha brigada de incendios. Convenio de incendios

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co disposto nas bases reguladoras que rexerán a selección e contratación de persoal de brigada de incendios e vehículo motobomba, laboral temporal, ao abeiro do convenio subscrito entre o Concello de As Nogais e a Consellería de Medio Rural, da Xunta de Galicia, para levar a cabo accións de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2026, por un período de tres meses.

Segundo.- Á vista da convocatoria dos devanditos postos, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 143, do 25 de xuño de 2026.

Terceiro.- Á vista da acta nº 1 do tribunal de selección do proceso referenciado no antecedente primeiro, con código seguro de verificación 5N5XRG3W57DYKXLHGWSADYHD, segundo a cal resultan propostos os seguintes candidatos:

Aspirante seleccionado para un posto de xefe de brigada:

Adrián López Trabado, con DNI ***5026**

Aspirantes seleccionados para tres postos de peón:

Miguel Ángel Pereira Gutiérrez, , con DNI ***5315**

Licinio Armesto Novo, con DNI ***3577**

Sergio Gómez Fernández, con DNI ***2524**

Aspirantes seleccionados para un posto de peón condutor:

Diego López Llave, con DNI ***0797**

Cuarto.- Á vista das renuncias presentadas por don Adrián López Trabado, con DNI ***5026**, no rexistro xeral do Concello de As Nogais, con codificación número 2026-E-RC-

DECRETO
Número: 2026-0225
Data: 13/07/2026

Cod. Validación: 7PHZWJHNGT35OTZOGJPDNDHY
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4





515 ao posto de xefe de brigada, así coma a renuncia formulada ante este Concello por don Diego López Llave, con DNI ***0797** e codificación número 2026-E-RC-516, ao posto de peón condutor de brigada de incendios.

Quinto.- Á vista da acta nº 1 do tribunal de selección do proceso referenciado no antecedente primeiro, con código seguro de verificación 5N5XRG3W57DYKXLHGWSADYHD, segundo a cal as listas de reserva para os postos que compoñen a brigada de incendios (xefe de brigada, peón condutor e peón) foron as seguintes:

Lista de reserva para xefe de brigada:

Non hai.

Lista de reserva para peón:

- Christian Rodrigo Gutiérrez López, con DNI ***0555**
- Marcos Carballo Arias, con DNI ***5122**
- Diego López Llave, con DNI ***0797**
- Adrián López Trabado, con DNI ***5026**
- Alfredo Espín Rodríguez, con DNI ***7088**
- Álvaro Poy Fernández, con DNI ***8662**

Lista de reserva para peón condutor:

- Marcos Carballo Arias, con DNI ***5122**
- Christian Rodrigo Gutiérrez López, con DNI ***0555**
- Miguel Ángel Pereira Gutiérrez, con DNI ***5315**
- Álvaro Poy Fernández, con DNI ***8662**

Sexto.- Á vista do disposto na cláusula vixésima, apartado 1.b) do convenio interadministrativo asinado entre o Concello de As Nogais e a Conselleira de Medio Rural para a realización de acción de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da Política Agraria Común 2023-2027, do teor literal seguinte:

«No período ou períodos nos que as brigadas queden con menos de 3 compoñentes considerarase que a brigada queda na súa totalidade inoperativa. Así mesmo se considera totalmente inoperativa a brigada cando falte o xefe de brigada».

DECRETO
Número: 2026-0225 Data: 13/07/2026

Cod. Validación: 7PHZWJHNGT35OTZOGJPDNDHY
Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4





Sétimo.- Á vista da resolución ditada por Alcaldía, nº 2026-0187, do 17 de xuño de 2026, pola que se declara como prioritaria a prevención e defensa contra incendios forestais; declaración que permite a excepcionalidade na contratación temporal do persoal laboral para cubrir unha necesidade inaprazable nos termos expostos no corpo do Decreto e se ordea iniciar o procedemento que rexerá a selección de persoal para prover a contratación dos compoñentes dunha brigada municipal de incendios, integrada por catro peóns forestais e un xefe de brigada, así como tres condutores para o vehículo motobomba e ordear a realización de cantos trámites sexán necesarios para a tramitación deste expediente.

Por canto antecede e en virtude do establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de réxime local, emítase a seguinte:

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aprobar a proposta de nomeamento formulada polo tribunal de selección dos seguintes candidatos para os postos que se indican e que compoñen a brigada de incendios, de acordo coa proposta do tribunal e segundo as solicitudes de renuncia presentadas no rexistro deste Concello:

Aspirante seleccionado para un posto de xefe de brigada:

Non hai, ao renunciar o aspirante seleccionado e non haber ningún integrante na lista de reserva.

Aspirantes seleccionados para tres postos de peón:

Miguel Ángel Pereira Gutiérrez, , con DNI ***5315**

Licinio Armesto Novo, con DNI ***3577**

Sergio Gómez Fernández, con DNI ***2524**

Aspirantes seleccionados para un posto de peón condutor:

Marcos Carballo Arias, con DNI ***5122**, tras a renuncia presentada polo aspirante proposto polo tribunal, segundo se indica nos antecedentes e ser este o primeiro aspirante que conforma a lista de reserva.

Segundo.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes para o posto de xefe de brigada, por un prazo adicional de cinco días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e remitir a convocatoria e bases á oficina de emprego de Becerreá a fin de ampliar a súa difusión.

Terceiro.- Publicar a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor

DECRETO
Número: 2026-0225
Data: 13/07/2026

Cod. Validación: 7PHZWJHNGT35OTZOGJPDNDHY
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4





directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En As Nogais, na data da sinatura indicada á marxe. O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

Asina o órgano de Secretaría conforme ao proceso automatizado aprobado no expediente 86/2022 mediante o decreto da alcaldía número 2022-0086, coa finalidade da súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO

Número: 2026-0225 Data: 13/07/2026

Cod. Validación: 7PHZWJHN9T35OTZOGJPDNDHY
Corrección: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

